# A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO




TOMO III./ ANO VII./ 1996
Xullo • Agosto • Setembro

AS POLÍTICAS DE COMUNICACIÓN DAS NACIÓNS UNIDAS, EVOLUCIÓN E PROPOSTAS
Tapio Varis

A TÈLE, METÁFORA VIRTUAL: DO VISIBLE E DO INTELEXIBLE
Margarita Ledo Andión

FEMINISMO E MARXISMO
María Xosé Queizán

ESCRITOR ARTISTA, ESCRITOR MEDITATIVO
Natacha Michel

ASCETISMO, XEFATURA SOCIAL E HEREXÍA EN *GALLAECIA* A FINAL DA ANTIGÜIDADE
María Victoria Escribano

A GALICIA DOS CONTRASTES: ESTEREOTIPOS E REALIDADES
Anna Amorós i Pons

TELEVISIÓNS REXIONAIS: CADEAS POLÍTICAS
Víctor Sampedro Blanco

ESTUDIO DE GRAMÁTICA EN TUI
Xulián Maure Rivas

O DEBATE POSMODERNISTA
Xurxo Borrazás

MEMÓRIA SOCIAL E PATRIMÓNIO
Paula Godinho

sotelo blanco

# A TELE, METÁFORA VIRTUAL: DO VISIBLE E DO INTELEXIBLE

Margarita Ledo Andión

*This is an expressive nation that produced CNN and MTV. We are all born for the information age. This is a jazzy nation, thank goodness, for my sake, that created be-bop and hip-hop and all those other things. We are wired for real time.*

Presidente BILL CLINTON, NYT, 28 de febreiro de 1993

*Gracias por nacer nesta nación, Galicia, que tén palabras como* ***berce*** *e* ***ronsel*** *(...)*

ÁLVARO CUNQUEIRO (cito de memoria) en Vigo, na derradeira homaxe-xantar.

Van aló doce anos entre a consciencia do idioma como unha das meirandes creacións humanas e a da MTV, como celme da época que che tocou vivir. A MTV, unha cadea que é, en si, un «non stop advertising» tal e como Dienst di. Como aval da primeira aseveración a prol do idioma poderiamos botar man do autor máis citado do mundo, de

Noam Chomsky, que nos serve, tamén, para a máis dura das críticas verbo das actuacións da televisión.

O 12 de xuño de 1994, na grande Lisboa, un grupo de automobilistas bloqueaba a ponte sobre do rio Texo en protesta polas novas tarifas da peaxe. a policía intervén. O Goberno portugués anuncia que mantén a súa decisión. Pero ao mesmo tempo intervén a Televisión. E, «os operadores da imaxe isolaron a escena en que un grupo de soldados anti-disturbios mallaban e maniataban brutalmente a un cidadán desarmado e cos brazos cruzados», comentaba Joaquin Vieira na revista do Expresso para concluír que foron as televisións (quere dicir, as privadas) quen derrotaron ao Goberno.

A tele instalada no salón pouco ou nada ten que ver xa coa TV, en siglas, ou coa Televisión como sistema de difusión de imaxes. Pouco ou nada terá que ver o receptor, instalado no salón, cos efectos do directo-directo sobre os feitos, con esa TV que é quen de modificar, en tempo real, un acontecemento, o devir dun acontecemento, tal e como pasou na revolta anti-suba da peaxe sobre a *Ponte 25 de abril.* Acanéanse, tamén, as características do que adoitabamos entender por TV, é dicir, a universalidade da mensaxe ou o da información —sigo ao Furio Colombo do 73 presentando a TV cabo para Italia a traveso das experiencias en USA—, a universalidade do público, e a suposta contemporaneidade do evento que derivará da capacidade de suxestión que activa o propio medio televisión —esa imaxe que chega de lonxe e que vén polo vento— e da tranferencia analóxica dende a parte, o directo-directo, ata o todo.

Porén, mantémonos alleos á necesidade de saber por que a tele nos amosa unha cousa e entendemos outra, como nas metáforas, ou por que cada día se nos outorga un papel diferente, en tanto arte e parte diso que se proclama, e que se reclama sob o nome de «indices de audiencia». O que, de partida, temos cada día máis claro é que non é o mesmo o feito de *ver* e o de *comprender.* E si unha das funcións do pensamento crítico é *problematizar* o real, procurar aqués aspectos significativos que se manteñen en zonas de sombra ou aquelas relacións que non por se manter na opacidade deixan de actuar, antes de retormarmos o directo-directo imos facer un plantexamento de tipo xeral.

Os modos máis comúns de entender a TV adoitan poñer en relación o *discurso tecnolóxico,* que continúa a se manter como dominante a pesares de que foron fallando unha tras outra todas as predicción verbo das realizacións, co *discurso político,* reducido a cuestións de regulamentación de sinais con orixe no propio territorio ou no exterior e de dominio sobre as redes de fibra óptica —xa saben que se municipalizou, aínda que o Goberno faga as concesións— toda vez que se solucionou a entrada do modelo privado e que se convertiu o *mercado* no lugar da lexitimación da competencia de ofertas que se diferencian a traveso da súa semellanza, tal e como lle pasa á foto co real.

Así, na era dos «imperios comunicativos», como adoita repetir Gubern, cando os principios de sinerxia, o post-fordismo, os espacios-nicho (imposíbel fuxir da necrofilia) e a globalización teñen como *totem* ao satélite de difusión directa que agora sustitúe ao Autor omnisciente da literatura realista, a discusión encol da *comunicación,* da orde mundial da información e da comunicación foise dende a UNESCO para o GATT, como responsabilidade política dos Estados, por razóns económico-culturais, se nos identificamos idealmente coa perspectiva europea fronte da nipona-usamericana.

¿E que pasa coa TV dende a dominante do discurso comunicativo, coa TV como parte das relacións sociais de comunicación? ¿E inocente esta práctica, tan experta, *de arredar as fórmulas* (os contidos) *das tecnoloxías*? Por exemplo, e en relación á TV cabo, ás súas posibilidades de diversificación e de inter-acción co usuario pois que non é un modelo universalista se non de grupo a menos que as sociedades cabo sexan, outravolta, diferentes das televisións xeralistas a traveso do principio de semellanza, de que só o que varía é o colar. ¿Por que se arredan ambas *das políticas no sector*? Como resultado visible velahí a TV europea, ou a transfronteiriza, sometida a critérios de cobertura e de boa recepción, para encubrir os obxectivos das empresas de infraestructuras e de fabricación de equipos, das financieiras e da planificación de ofertas multimedia. Pensen, se non, na mesma posición *anti-trust* de Al Gore, o vicepresidente de Clinton, tentando controlar as operacións de mega-fusión, hoxe con protagonistas alleos áo sector das industrias culturais.

Asemade, desta operación de pormenorizada fragmentación na que se dilúe o discurso comunicativo, á que eu xa lle agoiro outro fracaso máis pois que o debate arredor do NOMIC retorna e retorna cunha variante de grande interés para nós, porque deixou de ser unha cuestión surista e fácil de trasladar para o movemento de Non-Alineados e transformouse nunha componente da agora chamada «sociedade civil», se algo sufriu un efecto perverso coa televisión foi o *xornalismo* como profesión e foi a construcción do discurso informativo, tanto nos espacios estandar —o telexornal, dentro do modelo de representación hollywoodiano, segundo Ramonet, con momentos dramáticos pero con «happy end»— como nesa característica ontolóxica da televisión, o directo-directo, *the real time.*

O directo-directo, *the real time,* debátese entre as posibilidades que se derivan da facilidade de acceso e de difusión dos feitos dende un escenario calisquer, é dicir, das posibilidades que trae a evolución tecnolóxica, e das limitacións impostas por políticas autoritarias que, singularmente no control da imaxe, se foron consolidando nos países democráticos occidentais. Por unha banda a cobertura visual de feitos, pola outra a súa representación a traveso da pantalla do televisor.

Porque a información da televisión era, ata hai ben pouco, o último bastión da concepción liberal dos Medios como espello, dos ideoloxemas da trasparencia informativa, do dereito cidadán á información. Sen trampa nen cartón. Só que sempre se esqueneeu engadir que dende as súas orixes esta mesma concepción apuña no *mercado* a instancia final da regulación das relacións sociais de comunicación e que, agora si, ese seu mito fundador engule calquer outro obxectivo, incluídos os que teñen que ver co principio histórico da soberanía popular. Fálase, en compensación, de ocupar o noso lado bo do corazón na realización de códigos de comportamento con referencias éticas, de que todo non é para amosar —*o sexo, a violencia, a espectacularización da miseria...*—, de que cómpre un acordo sobre novas regras nas que aparece o interese colectivo como suxeito con intereses diferentes aos individuais.

O que son as cousas. Quen nos ía dicir que recobraba todo o seu valor aquela actitude de Abbie Hoffman, un dos líderes do movemento que provocou a formación dos *Black Phanters* en USA, que cando quería manterse ao abeiro de saír por Televisión, colocábase unha gorra preta coa palabra FUCK e que cando quixo fixar a súa imaxe no

receptor, aproveitou o directo dun seu xulgamento e trasladoulle, como valor engadido, o da parodia simplemente dando un pinchecarneiro, cada día de deus, ao entrar na Sá do Penal.

En paralelo, a tecnoloxía e a política seguen a falarnos do tandem cobertura/difusión, do mito da liberdade de escolla, do usuario «activo» referido ao principio de «premer o botón», das «autoestradas da comunicación», a RDSI, máis os novos camiños que conleva a banda larga para a trasmisión, que non debemos confundir coas canles convencionais en calquera das súas variantes (pay per channel, pay per view, pay per minute, video on demand ...) se non incorporalos ao noso modo de vivir o cotián como unha nova necesidade que satisface o cabo para chegarmos ata o Videotrom, a película interactiva en que o espectador escolle, por 7 segundos, a trama e pode lle cambiar a fin a *Casablanca.*

Con este exemplo pérfido, que a todos os analistas respecten verbo de que o que é posíbel, non é sempre o máis conveniente nin de a cantidade leve aparellada a calidade cultural. Que é un dos sistemas de organizar o mundo, un dos vieiros polo que accedemos á comprensión das cousas.

Imonos, agora si, para as bambalinas, o *backstage* da historia tal e como acontece diante dos nosos ollos, ímonos dez anos atrás para o encontro que simbolicamente ía rematar coa guerra fría e que para nós funcionará neste momento como un arquetipo dese apartado, o dos previstos institucionais, que nutren cada día as *news,* a información pola televisión.

Con dous meses de anticipación do que sería o encontro Reagan-Gorvachov en Xenebra no mes de novembro do 85, cuberto en directo, difundido vía satélite e que eu sigo lembrando pola foto de portada da revista TIME (disculpen a miña memoria pre-televisiva) créase unha comisión con delegados da URSS, de USA e de Suíza como país anfitrión, e é un productor deste país, André Gazut, quen nos ofertará un relato exemplar de como traballaron os expertos en comunicación da Casa Blanca escollendo a residencia de Reagan ao pé do lago e facendo croquis, dende un mes antes, do paseiño que darían Ronald e Nancy as 14,15 no xardín, coa prensa mirando; onde pararían e onde darían unha reviravolta. É o que noutros tempos nós chamabamos «photo-opportunity».

Aquí comeza a se activar a metáfora, a diferencia entre ver e entender, entre o que recibes e o que deixas pasar, entre o que entendes pero que non estás en condicións de deixar pasar.

«Entendes, —díxolle un experto a Gazut— trátase de amosar nas vísperas que Reagan está calmo e seguro, e o lago atrás evocará a sua angueira de paz». Obviamente que para cada escena variaban as connotacións á par da razón técnica que levou a situar como fondo para as roldas de prensa «This blue, this one», é dicir, o que mellor pasa na televisión.

Só houbo unha cousa na que a URSS se zafou e que os expertos, aínda coñecendo o fenómeno, non souberon como atallar e que terá que ver con dúas leis de identificación, de xerarquización, do visual: o elemento humano predomina sobre dos decorados; o *outro,* o diferente, o descoñecido, a utopía, a viaxe ignota, o desexo, é unha construcción cultural. «Neste cumio as mulleres terán a última das cartas na man», bramaban os expertos da Casa Blanca.

E Raiza Gorvachov —ollo! sigo a Gazut— subíu ao podium en lugar da Nancy, e fixo de peana para o vencedor.

Anos despois deste «Cumio da Paz» o desconcerto prendeu en todos nós. Ollabamos imaxes dunha «árbore de nadal» para representar a guerra máis sofisticada de todas as guerras. Presenciabamos, pola primeira vez, a guerra sen imaxes e por un intre coidamos que non podiamos seguir —tan imperfecto é o noso sistema óptico— a velocidade que requere unha operación de alta precisión. Muito máis adiante saberíamos que o 70 por cento dos obxectivos bombistas foran errados. Hoxendía descoñecemos o número de víctimas (calcúlase entre 100.000 e 150.000 só para militares irakianos).

No sistema informativo mundial abriuse unha grande fenda e desapareceu iso que era o producto máis preciado do discurso nos Media nos primordios da sociedade de comunicación de masas, iso que era consecuencia da profesionalización, das regras, das convencións: a credibilidade. Agora as regras, para a posta en escena do xornalista na televisión, veñen dos deportes, e os deportes, o estadio, as grandes competicións, prepáranse en función da súa cobertura visual e represéntanse como «El triunfo de la voluntad» —non me atrevo a citar a Hitler en galego—, mentres o espectador consúmese en que fai de actor, neste tan atraínte proceso de autofaxia que iguala no espectáculo mediático os deportes, a política e mais a relixión, e a resultas do que, curto pero elocuente, Berlusconi reinou.

> And oh it's so beautiful/It's like the Fourth of July/It's like a Christmas tree/It's like fireflies on a summer nigth (...)
>
> Hello California?
>
> What's the weather like out there now?
>
> Laurie Anderson
>
> *Brigth Red,* Warner Bros, 1994

Para Joël Magny, no especial *Cahiers* sobre o centenario do cinema, existe un antes e un despois de Nuremberg, un antes e un despois de Leni Riefenstahl, directora de «El Triunfo de la voluntad» que construiu seguindo as pautas do documental, fundindo o film co que se filma, o Congreso do partido nazi no 34, xusto despois da «noite dos coitelos longos», tal e como ela propia o describe no 1935 e que todos vostés poden comparar coas esceas do lago e da chimené do semi-actor Reagan en lle amosando ao mundo o seu bon facer.

> ... o acontecemento organizouse dun xeito espectacular, non soamente en tanto que reunión popular se non para rodar os materiais dunha película de propaganda (...) o desenrolo das ceremonias, o plano, moi preciso, das paradas, dos desfiles, dos movementos de masas, todo iso determinouse en función da cámara.

Porque hai outra carencia enorme na análise, ao pé da de imbricar o discurso tecnolóxico e político co comunicativo e de sistematizar (aínda que só sexa de maneira empírica, como fai Gazut) o que sabemos sobre o xornalismo na televisión, e é a análise da imaxe, e as relacións da imaxe televisiva con outros modos de producción de imaxes,

singularmente coa imaxe fotográfica e coa videográfica, coas mudanzas nos modelos narrativos, e a pescuda encol desa figura sacralizada, seguramente para mantela fóra de circuito, que é a do receptor (non confundan co propio aparello terminal), a do espectador.

Pois ben, eu dígolles que do que non se sabe nada, arestora, é dos tan cacarexados «efectos» da televisión. Pero avantamos, por sobre as escolas cuantitativistas, nuns casos, por evolución dende elas, nos menos, cara a interpretación e cara a inclusión de variantes de xénero, de clase e mesmo etnoculturais, nos estudos de recepción, e, sobranceiramente, cara a inclusión dos contextos como o lugar da investigación en comunicación, e da experiencia como un elemento central na comprensión.

Vou coller un exemplo de xénero e dentro da área da cultura atlántica. Vou coller unha nación sen Estado na que os seus cidadáns teñen sona de bébedos, agarrados, apegados ao clan, ás saias do seu clan —calma, falo dos escoceses— e que se refire ás mulleres que miran a violencia na televisión. Tiro as miñas conclusións do traballo *Women Viewving Violence,* (Mulleres vendo violencia) realizado por unha equipa das universidades de Stirling e da Wales College de Cardiff, que coincide nas dificultades de falar dos efectos e tamén das dificultades da interpretación se non é a través dos contextos, do sistema cultural —dos valores incorporados, dos roles—, do xénero e da clase social.

A primeira cuestión, que creba parte dos tópicos á volta do espectador, é que o receptor *é activo,* interpreta o que ve segundo raigames socio-culturais.

A segunda ten relación con algo muito máis en solfa —eu sempre o resumo co título de Johnson e Lakoff «O corpo na mente»— e é que nesta interpretación intervén a túa experiencia —es un espectador con corpo, con memoria, con reaccións á túa memoria— e os teus intereses, tés ideoloxía, e por iso deixarás ou non deixarás pasar determinadas cousas, aínda en se tratando de verdades coma puños.

A terceira cuestión é que se incorpora a Tv na túa vida, na consideración que tés de ti mesma, no medo á ir soia pola rúa.

A cuarta tráenos a vella censura e os novos modos de regulamentación dacordo coa soberanía.

E a quinta, na que tamén escachan varios estereotipos, fala da caída do mito do «entretemento» e do retorno ao modo de representación realista.

Fagan un pequeno esforzo e relacionen co anterior esta frase de Silvio Berlusconi: A TV é algo que serve para matar o tempo.

A violencia mediada e a construcción da versión que cada colectivo fai desta violencia, como afecta á súa vida e ás súas iniciativas, é un dos grandes retos da comprensión, e a descodificación da violencia non ten que ver mecánicamente co real. Ao referirnos á mulleres que ven e que se ven como suxeitos da violencia na televisión —de malleiras, asasinatos e violacións— a diferencia primeira que se establece é con ese outro grupo de mulleres que ve violencia e que viviu violencia, que ten experiencia da violencia.

No caso xeral das mulleres que ven violencia actívase un valor incorporado dende nenas e que modela os comportamentos e o medo cotián que simbolizamos, no imaxina-

rio, no medo á violación por parte dun estraño. No caso real, e por orde de importancia no ranking do que estamos a tratar, a número 1 ocúpao a violencia entre homes, o número 2 a violencia doméstica, o número 3 a violación doméstica, o número 4 a violación por parte dun estraño. Pero só te achegas a esta percepción a través da experiencia, se pertences ao grupo de mulleres que viviu a violencia. Tal é o degrau de desrealidade a que nos conduce o actual sistema de significacións.

Ao inicio, cando citei a MTV, puxen entre paréntese o nome de Dienst, Richard Dienst, e agora pago a miña débeda e recomendolles a lectura da súa análise de *Twin Peaks,* a tentativa de diversificación que encetara a ABC diante as incertidumes do «broadcasting power» que se baseara nas macro-estratexias, a agregación e masificación cultural, e o monopolio da distribución. A metáfora de *Twin Peaks* dinos que a proliferación dos segredos está a nos advertir da ausencia de coñecemento público, de que todo o mundo ve cousas, na pantalla e fóra da pantalla, pero ninguén sabe o que pasa. ¿Quen matou a Laura Palmer?... «just the real has been replaced by no more than a gesture toward the unreal». Outorgándolle o beneficio da dúbida —dinos Dienst— *Twin Peaks* fai alusión á emerxencia de novos modos de ver. Ouvir e falar diso que só se fai posible coa televisión pero que aínda non pertence á televisión.

Pódese entresacar unha das moitas imaxes das televisións. Se é a Tv-mundo, resulta inmediata, inmensa e fatalmente falsa; se a Tv-mercado, a pirueta de escolle e consume; se a Tv-estado, o instrumento gubernamental da Europa da post-guerra que forneceu grandes pezas de avanzo cultural e profesional (pensen na BBC, pensen na RAI); se a Tv-nación, onde tamén está o conflicto cultural, de identidade, e de xénero, esta derradeira fica máis a man, con todos os meus medos e con todos os teus.

Tés medo de andar de noite pola rúa. Tés medo de negociar en Madrid. Mudas de idioma porque temos a agresión do estraño como valor incorporado. Porque... ¡cómo na casa, nin falar!

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

AA.VV. (1992). *Guerres et Television,* CRAC, Valence.

Dienst, Richard (1994). *Still Life in Real Time,* Duke Un. Press.

Ramonet, Ignacio (1983). *La Golosina Visual,* GG, Barcelona.

Schlesinger, Philip e outros (1992). *Women Viewing Violence,* BFI, London.